



Con data 25 de marzo de 2019 o Sr. Alcalde ditou resolución do seguinte teor literal:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro xoves día 28 de marzo ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº 2/2019 , do 28 de febreiro.

2º.- Expediente 263/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais do 22/03/2019, de proposta de acordo relativa á contratación do servizo de "Limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Tui".

3º.- Expediente 382/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019, de proposta de Alcaldía, de data 18/02/2019, de aprobación de expediente de crédito extraordinario nº 2/2019 (Modificación de créditos 4/2019) co obxecto da elaboración dun catálogo de procedementos administrativos e proceso de mellora na Area de Urbanismo.

4º.- Expediente 572/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019, de proposta de Alcaldía, de data 15/03/2019, de aprobación de expediente de crédito extraordinario nº 3/2019 (modificación de créditos 7/2019).

5º.- Expediente 573/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019, de proposta de Alcaldía, de data 15/03/2019, de aprobación expediente nº 1/2019 de recoñecemento extraxudicial de créditos, condicionado á entrada en vigor do expediente de crédito extraordinario 3/2019.

6º.- Expediente 618/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019, de proposta de Alcaldía, de data 17/03/2019, de aprobación

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



expediente de suplemento de crédito número 1/2019 (modificación de créditos 8/2019) relativo a expropiación apertura prolongación rúa Ourense en sentido Sur - Resolución Xurado de Expropiación.

7º.- Expediente 620/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019 de aprobación expediente crédito extraordinario nº 4/2019 (modificación de créditos 9/2019).

8º.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019 relativo a negociación coa Sareb e Servihabitat para adquisición de fincas sitas na rúa Ourense, sentido Norte

9º.- Expediente 2987/2018. Proposta de Alcaldía, de data 20/03/2019, de bonificación de ICIO para reparación de inmuebles ou vivendas afectadas pola explosión en Paramos.

10º.- Expediente 2649/2017. Proposta de Alcaldía, de data 28/02/2019, relativa a expulsión de concelleira do partido político Alternativa Popular de Tui (APTUI) e pase a concelleira non adscrita.

11º.- Mocións de Urgencia.

B).- Actividade de control:

12º.- Disposicións de interese de 15/02/2019 a 20/03/2019.

13º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía do nº 75 de 25/01/2019 ata o nº 218 de 20/02/2019; do nº 219 de 21/02/2019 a nº 332 de 21/03/2019.

14º.- Dación de conta informe morosidade 3º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 3º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

15º.- Dación de conta informe morosidade 4º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 4º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

16º.- Dación de conta execución trimestral 3º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

17º.- Dación de conta execución trimestral 4º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



C).- Rogos e preguntas:

18º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padin.

Documento asinado dixitalmente á marxe.